

# PLAN DE ADAPTACIÓN COVID

## INDICACIONES PRINCIPALES PARA O ALUMNADO

### Medidas de protección

Realizarei todos os días o test de autoavaliación covid antes de vir ao centro. En caso de presentar algún dos síntomas compatibles, a miña familia chamará ao centro para comunicar ao Equipo Covid ou Equipo Directivo a ausencia por este motivo.

Uso máscara durante todo o tempo, e terei unha de reposto gardada.

Manterei a interpersonal de seguridade: 1, 5 m.

Lavarei frecuentemente as mans con auga e xabón.

### Normas de aula

Limpo as mans co xel hidroalcohólico ao entrar e ao saír da clase.

Fago a limpeza e desinfección da mesa e cadeira co material que me dará o/a profe.

Aviso ao profesor ou profesora cando teña algún síntoma compatible coa Covid-19.

Utilizo só o meu propio material, incluíndo un rotulador de encerado.

Sento sempre no mesmo sitio.

Cando saio da aula, evito as aglomeracións, desprázome en fila, con distancia de seguridade e sigo as frechas do chan.

### Normas específicas para o recreo

Permanezo sempre cos meus compañeiros e compañeiras de aula, na zona indicada para o noso grupo.

Para ir á cafetería, entrarei e sairei pola porta do patio posterior. Agardarei a miña quenda, respectando a distancia e os sinais do chan.

Irei aos aseos da planta baixa, agardando a miña quenda. Manterei a distancia e respectarei as indicacións que hai nos mesmos.

Para subir e baixar respectarei os sinais do chan.

### Entradas e saídas

Se teño clase no primeiro andar, agardarei no patio dianteiro e subirei polas escaleiras que están á beira dos baños. Para baixar, utilizarei esas mesmas escaleiras e sairei pola mesma porta que entrei no edificio.

Se teño clase no segundo andar, agardarei no patio posterior e subirei polas escaleiras que están á beira do corredor da sala de profes. Para baixar, utilizarei esas mesmas escaleiras e sairei pola mesma porta que entrei no edificio.